

## **PREMIO DE HONRA FERNANDO REY: ENRIQUE BANET LÓPEZ DE REGO**

Santiago 1941

Licenciado como Director de Fotografía pola Escola Oficial de Cinematografía (E.O.C., Madrid, 1969-72).

-Numerosos traballos con directores como Antonio Drove, Manuel Gutiérrez Aragón, Jaime Chávarri, Manolo Marinero, Patricio Guzmán, Basilio Martín Patino, José Luis García-Sánchez, etc.

- Como premio extraordinario da súa promoción da E.O.C., foi invitado a realizar estudos sobre cine en color nos laboratorios de AGFA-Gevaert (Bruxelas, 1973).

- Titúlase como realizador no prestixioso I.R.T.F. (Instituto da Radio Televisión de Francia. París, 1973).

- Traballou para numerosos espazos de distintas televisións: T.V.E., Televisión Panamericana (Arxentina), Canal 13 de Buenos Aires, Televisa (México), ...

- Realización de varias series documentais para cine, sobre o País Vasco, con Pío y Julio Caro Baroja.

- Numerosos traballos publicitarios para as máis prestixiosas marcas: Schweppes, La Casera, Coca-Cola, Philips, Ducados, .... obtendo varios AMPES.

- Director do Arquivo de Imaxe e Son de Galicia (1984-86).

-Consegue os primeiros premios no Festival de Cine Etnográfico (Huesca, 1985), polo carácter innovador no seu tratamento do cine etnográfico.

- Realizador do programa “Viva o Domingo” da T.V.G. (1989), programa semanal de cinco horas de duración, realizado en directo.

- Creador, presentador e director, durante varios anos, do programa “TERRA” para a T.V.G.

- Durante máis de dez anos é o presentador, guionista e director do programa “SENDA VERDE”, tamén para a T.V.G..

- O seu traballo neste último programa mereceu ser nominado finalista nos prestixiosos premios “The Princes’s Award” (Dinamarca, 1999), nos que compiten as mellores televisións do mundo.

- Especialista en Agricultura Ecolóxica e Ecoconselleiro en Medio Rural polo Institute de Namurs (Francia), funda e preside dende 2002 a Fundación Galicia Verde (pola conservación do Medio Natural e a Sostenibilidade) así como a produtora.